

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027885	IES Lamas de Castelo	Carnota	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Educación en Valores Cívicos e Éticos	3º ESO	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	14
6. Medidas de atención á diversidade	14
7.1. Concreción dos elementos transversais	14
7.2. Actividades complementarias	15
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	15
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	16
9. Outros apartados	16

1. Introducción

Esta programación didáctica está redactada tendo en conta o seguinte marco lexislativo:

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE)
- Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOMLOE)
- Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Orde do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.
- Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.
- Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia. Orde do 27 de decembro de 2022 de modificación da Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Resolución do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/23.
- Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

O IES Lamas de Castelo conta durante este curso con 69 alumnos/as e 17 docentes. EVCE de 3º ESO está composto por un único grupo de 21 alumnos e alumnas con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 14 e os 16 anos. A materia ten unha asignación semanal de 1 sesión (50 min.) e está impartida por Renée Huerta Latrille, xefa do departamento unipersoal de Lingua Francesa.

A materia de valores éticos debe atender a unha formación integral da persoa e afondar no tratamento transversal dos problemas coa finalidade de proporcionar as bases para unha formación autónoma do alumnado nos valores dunha cidadanía plural, dialogante e democrática. Esta materia é unha oportunidade para poñer en práctica metodoloxías didácticas activas e contextualizadas que faciliten a participación crítica do alumnado en traballos cooperativos, a realización de tarefas, a aprendizaxe baseada en problemas, o estudo de casos, o traballo por retos, etc., metodoloxías todas elas que lle confiren ao alumnado o papel de axente activo e autónomo na súa propia formación.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Inquirir e investigar canto se refire á identidade humana e a cuestións éticas relativas ao propio proxecto vital, analizando criticamente información fiable e xerando unha actitude reflexiva respecto diso, para promover o autoconhecimento e a elaboración de formulacións e xuízos morais de maneira autónoma e razoada.	2				1	1-2-3		
OBX2 - Actuar e interactuar de acordo con normas e valores cívicos e éticos, a partir do recoñecemento fundado da súa importancia para regular a vida comunitaria e a súa aplicación efectiva e xustificada en distintos contextos, para promover unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común.	5	3		3		1-2-3-4		1
OBX3 - Entender a natureza interconectada e inter e ecodpendente das actividades humanas, mediante a identificación e a análise de problemas ecosociais de relevancia, para promover hábitos e actitudes eticamente comprometidos co logro de formas de vida sustentables.			5		2	1-2-3-4	1	
OBX4 - Mostrar unha adecuada estima de si mesmo e da contorna, recoñecendo e valorando as emocións e os sentimentos propios e alleos, para lograr unha actitude empática e coidadosa con respecto aos demais e á natureza.	1				1-2-3	1-3	1	3

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Quen e como somos? A identidade propia e o respecto aos demais	Definición da propia persoa (ego, autoestima) e influencia na relación cos demais. Identificación de relacións sanas/ tóxicas.	10	4	X		
2	Civismo e ética: que é aceptable e non?	Importancia do pensamento crítico, e análise do papel que a moral e a ética teñen na vida en sociedade. Identificación de comportamentos cívicos/ incívicos; éticos/ non éticos.	24	10	X	X	X
3	Os dereitos humanos: coñecemento básico e violación	Coñecemento básico dos dereitos humanos e discriminación de casos de violación dos	16	5	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	dos mesmos	mesmos. Estudo de casos reais tirados da actualidade.	16	5	X	X	X
4	Os valores democráticos: comparación de diferentes rexímenes	Coñecemento básico da democracia e os seus valores e discriminación de rexímenes antidemocráticos	15	4	X	X	
5	Igualdade de oportunidades e globalización	Estudo dos factores xeradores de desigualdade: sexo, nivel económico, nacionalidade (país de nacemento/residencia)...	17	6		X	X
6	Ecoresponsabilidade nun mundo global	Educación en valores para o consumo responsable, sostible e circular, e solidariedade coas persoas e nacións desfavorecidas	18	6			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Quen e como somos? A identidade propia e o respecto aos demais	4

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Construír e expresar un concepto axustado de si mesmo recoñecendo as múltiples dimensións da súa natureza e personalidade, así como da dimensión cívica e moral desta, a partir da investigación e do diálogo arredor de diversas concepcións sobre a natureza humana.	Expresar de xeito oral ou escrito que capacidades nos caracterizan como humanos en contraposición aos animais, e como se pode mellorar a autoconciencia.	TI	100
CA1.2 - Identificar, xestionar e comunicar ideas, emocións, afectos e desexos con comprensión e empatía cara ás demais persoas, demostrando autoestima e compartindo un concepto adecuado do que deben ser as relacións con outras persoas, incluíndo o ámbito afectivo-sexual.	Expresar de xeito oral as nosas emocións, afectos, desexos, opinións... asertiva e respectuosamente cara un mesmo/a e as demais persoas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A natureza humana. - Liberdade e moralidade como características especificamente humanas. - A identidade persoal, o cruzamento de camiños entre a natureza, a crianza e o proxecto vital. - A educación de emocións e sentimentos. - A autoestima persoal. - A igualdade e o respecto nas relacións con outras persoas.

Contidos
- A educación afectivo-sexual.

UD	Título da UD	Duración
2	Civismo e ética: que é aceptable e non?	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Desenvolver e demostrar autonomía moral mediante a práctica da deliberación racional, o uso de conceptos éticos e o diálogo respectuoso cos demais, arredor de distintos valores e modos de vida, así como a problemas relacionados co exercicio dos dereitos individuais, o uso responsable e seguro das redes, as condutas adictivas e o acoso escolar.	Desenvolver de xeito escrito un dilema moral no que se inclúen conceptos éticos básicos, e ser capaz de debatilo ante o grupo na clase.	TI	100
CA1.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si e das demais persoas, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Fai aportacións en pequeno grupo e no grupo clase de xeito respectuoso e aportando información pertinente.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A ética dentro do conxunto de saberes filosóficos. - O obxecto da ética. - A aplicación da ética: a orientación para a resolución de problemas complexos sobre como actuar. - Análise das accións. - Os motivos da acción: desexos e razóns. - A vontade como razón práctica. - A autonomía da vontade. - A responsabilidade das accións. - A ética e as éticas como guías das nosas accións. - O xuízo moral: as normas, o valor e o valioso, as virtudes, os sentimentos morais. - Universalismo e pluralismo moral. - Éticas da felicidade, éticas do deber, éticas da virtude.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Ética e dereito. - Semellanzas e diferenzas entre ética e dereito. - O conflito lexitimidade-legalidade. - A obxección de conciencia. - Os dereitos individuais e os deberes cidadáns. - O debate sobre a liberdade de expresión. - A ética na sociedade actual. - O problema da desinformación. - A protección de datos e o dereito á intimidade. - O ciberacoso e outras formas de violencia nas redes sociais. - As condutas adictivas.

UD	Título da UD	Duración
3	Os dereitos humanos: coñecemento básico e violación dos mesmos	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Contribuír activamente ao benestar social adoptando unha posición propia, explícita, informada e eticamente fundamentada sobre o valor e pertinencia dos dereitos humanos, o respecto pola diversidade etnocultural, a consideración dos bens públicos globais, a percepción do valor social dos impostos.	Coñece os Dereitos Humanos e a súa importancia, e aplica os coñecementos en debates orais e traballos por escrito.	TI	100
CA2.6 - Contribuír á consecución dun mundo máis xusto e pacífico a través da análise e recoñecemento da historia democrática do noso país e das funcións do estado de dereito e as súas institucións, os organismos internacionais, as asociacións civís e os corpos e forzas de seguridade do Estado, no seu empeño por lograr a paz e a seguridade integral, atender as vítimas da violencia e promover a solidariedade e cooperación entre as persoas e os pobos.	Coñece e expón oralmente sobre organismos, institucións e activistas que traballan para contribuír á consecución dun mundo máis xusto e pacífico.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Os dereitos humanos.

Contidos

- Referente moral da democracia e a xustiza social.
- Xeracións e historia dos dereitos humanos.
- Dereitos da infancia.
- Os dereitos económicos, sociais e culturais: o dereito ao traballo, á saúde, á educación e á xustiza.
- A participación democrática: ser cidadáns.
- Outras formas de participación social: o asociacionismo e o voluntariado.
- A procura da xustiza social.
- A desigualdade económica e a loita contra a pobreza.
- Globalización económica e bens públicos globais.
- O comercio xusto.
- O valor social dos impostos.
- A sociedade e a cidadanía plural.
- O interculturalismo.
- A inclusión social e o respecto pola diversidade e as identidades étnico-culturais e de xénero.
- Os dereitos LGTBIQ+.
- A convivencia pacífica e segura.
- A guerra, o terrorismo e outras formas de violencia política.
- A atención ás vítimas da violencia.
- Accións individuais e colectivas en favor da paz.
- A contribución do Estado e os organismos internacionais á paz, á seguridade integral e á cooperación.
- O dereito internacional e a cidadanía global.
- As forzas armadas e a defensa ao servizo da paz.
- O papel das ONG e das ONGD na loita pola paz.

UD	Título da UD	Duración
4	Os valores democráticos: comparación de diferentes rexímenes	4

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Contribuír á consecución dun mundo máis xusto e pacífico a través da análise e recoñecemento da historia democrática do noso país e das funcións do estado de dereito e as súas institucións, os organismos internacionais, as asociacións civís e os corpos e forzas de seguridade do Estado, no seu empeño por lograr a paz e a seguridade integral, atender as vítimas da violencia e promover a solidariedade e cooperación entre as persoas e os pobos.	É capaz de analizar e comparar o sistema democrático español con outros sistemas	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A política. - Conceptos clave: lei, poder, soberanía, xustiza e dignidade. - Formas de Estado e tipos de goberno. - A democracia: principios, procedementos e institucións. - O Estado español como estado social e democrático de dereito. - Valores constitucionais. - A memoria democrática. - Os dereitos humanos. - Referente moral da democracia e a xustiza social. - Os dereitos económicos, sociais e culturais: o dereito ao traballo, á saúde, á educación e á xustiza. - A participación democrática: ser cidadáns. - A convivencia pacífica e segura. - A contribución do Estado e os organismos internacionais á paz, á seguridade integral e á cooperación. - O dereito internacional e a cidadanía global. - Os desafíos da democracia actual. - Os códigos deontolóxicos. - As éticas aplicadas.

UD	Título da UD	Duración
5	Igualdade de oportunidades e globalización	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Promover e demostrar unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común, a partir da investigación sobre a natureza social e política do ser humano e o uso e comprensión crítica dos conceptos de lei, poder, soberanía, xustiza, Estado, democracia, memoria democrática, dignidade e dereitos humanos.	Selecciona información axeitada á hora de investigar sobre a natureza social e política do ser humano e a súa complexidade.	TI	100
CA2.2 - Fomentar o exercicio da cidadanía activa e democrática a través do coñecemento do movemento asociativo e a participación respectuosa, dialogante e construtiva en actividades de grupo que impliquen tomar decisións colectivas, planificar accións coordinadas e resolver problemas aplicando procedementos e principios cívicos, éticos e democráticos explícitos.	No traballo de aula e en grupo, escoita aos demais e fai aportacións persoais pertinentes, sempre dende o respecto.		
CA2.3 - Contribuír a xerar un compromiso activo co ben común a través da análise e a toma razoada e dialogante de posición arredor de cuestións éticas de actualidade como a loita contra a desigualdade e a pobreza, o dereito ao traballo, a saúde, a educación e a xustiza, así como sobre os fins e límites éticos da investigación científica.	Debate ou fai exposicións orais no que aplica os coñecementos básicos adquiridos en torno ás cuestións éticas de actualidade que se tratan na aula.		
CA2.4 - Tomar consciencia da loita por unha efectiva igualdade de xénero e do problema da violencia e explotación sobre as mulleres, a través da análise das diversas xeracións e correntes do feminismo e das medidas de prevención da desigualdade, a violencia e a discriminación por razón de xénero e orientación sexual, mostrando igualmente coñecemento dos dereitos LGTBIQ+ e recoñecendo a necesidade de respectalos.	Demostra de xeito oral ou escrito un discurso baseado no recoñecemento e necesidade de respectar os dereitos LGTBIQ+ así como a cuestión da loita pola igualdade de xénero efectiva .		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A sociedade humana: natureza e orixe. - As estruturas sociais e os grupos de pertenza. - Cooperación e altruísmo fronte a competencia e egoísmo. - A convivencia social. - As virtudes do diálogo e as normas de argumentación. - A resolución pacífica de conflitos. - A empatía cos demais. - A política. - Conceptos clave: lei, poder, soberanía, xustiza e dignidade. - Formas de Estado e tipos de goberno.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A democracia: principios, procedementos e institucións. - O Estado español como estado social e democrático de dereito. - Valores constitucionais. - A memoria democrática. - A igualdade de xénero. - As diversas ondas e correntes do feminismo. - A prevención da explotación e a violencia contra nenas e mulleres. - A corresponsabilidade nas tarefas domésticas e de coidados. - Os desafíos da democracia actual. - Os códigos deontolóxicos. - As éticas aplicadas. - Fins e límites éticos da investigación científica. A bioética. - O desafío da intelixencia artificial. - As propostas transhumanistas.

UD	Título da UD	Duración
6	Ecoresponsabilidade nun mundo global	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Describir as relacións históricas de interconexión, interdependencia e ecodpendencia entre as nosas vidas e a contorna a partir da análise das causas e consecuencias dos máis graves problemas ecosociais que nos afectan.	Da exemplos e describe relacións de interconexión e ecodpendencia entre as persoas e o seu entorno, cercano ou global.	TI	100
CA3.2 - Valorar distintas formulacións científicas, políticas e éticas coas que afrontar a emerxencia climática e a crise ambiental a través da exposición e o debate argumental arredor destas.	Discrimina accións positivas para paliar as crises enerxéticas e a emerxencia climática global, e fai propostas de acción realistas para contribuír á mellora.		
CA3.3 - Promover estilos de vida eticamente comprometidos co logro dun desenvolvemento sustentable, contribuíndo por si mesmo e na súa contorna ao tratamento preventivo dos residuos, a xestión sustentable dos recursos, a mobilidade segura, sustentable e saudable, o comercio xusto, o consumo responsable, o coidado do patrimonio natural, o respecto pola diversidade etnocultural, e o coidado e protección dos animais.	Elabora unha lista ou táboa de accións para o desenvolvemento sostible		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si mesmo e dos outros, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Xestiona equilibradamente as súas emocións e accións, calculando os efectos positivos ou negativos que poden acarrear para un mesmo e para o entorno.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Consumo responsable para unha vida sustentable no planeta. - Os límites do planeta e o esgotamento dos recursos. - Obxectivos do desenvolvemento sustentable: axenda cara a 2030 para un planeta sustentable. - Economía sustentable e ecolóxica na globalización, e nova lóxica do crecemento: economía circular e economía azul. - Hábitos para unha xestión adecuada dos recursos e tratamento preventivo dos residuos. A mobilidade segura, saudable e sustentable. - Consumo responsable e soberanía alimentaria. - Propostas científicas e ético-políticas arredor dos problemas ecosociais. - Xustiza ecolóxica. - Ética medioambiental: ecocentrismo, biocentrismo e extensionismo. - Ecofeminismo e ética do coidado. - Vida responsable co contorno e protección do medio ambiente. - Percorrido crítico sobre as diferentes formas de relación do ser humano coa natureza ao longo da historia e a pegada ecolóxica das accións humanas no planeta. - Empatía e responsabilidade co contorno: interdependencia, interconexión e ecodependencia. - A protección do medio ambiente e os dereitos para coa natureza: dereitos humanos de terceira xeración. - Protección e dereitos dos animais. - Valores éticos e democráticos como fundamento para unha conduta empática e respectuosa cara aos animais. - O ser humano como animal político: dereitos humanos da solidariedade para unha conduta cos animais baseada en dereitos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Consideramos que a mellor é unha metodoloxía significativa, flexible e sobre todo variada que teña o alumnado como protagonista da aprendizaxe. Neste sentido, o profesor servirá de guía e dinamizador das actividades e proxectos, axudando en caso de dúbidas ou motivando en todo momento ao alumnado a través da súa opinión crítica pero construtiva. A nivel práctico, partírase da análise das noticias de actualidade, activando os coñecementos previos do alumnado, e fomentando a análise crítica e a capacidade de aprender a aprender mediante o establecemento

de relacións directas entre os contidos da materia e a realidade.

A metodoloxía de traballo será máis individual que grupal, dadas as preferencias da maioría do alumnado. Porén, se o grupo responde positivamente ao traballo colaborativo, buscaremos fomentar o traballo e a aprendizaxe cooperativa a través da realización de polo menos un proxecto de investigación e exposición conxuntas (por parellas ou en pequeno grupo) e/ ou polo menos un debate por trimestre.

Fomentaremos o uso das TICs no traballo de aula e como medio de busca de información e presentación de traballos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador da aula, canón proxector, pantalla dixital interactiva e conexión á Internet
Fichas de traballo de elaboración propia do profesorado da materia
Aula virtual da materia
Lápis de memoria extraíble (memoria USB)

No traballo semanal de aula, aproveitaremos as posibilidades da informática e da rede, utilizando os ordenadores e Internet como medio de adquirir, procesar e transmitir a información. A nivel de material, solicitarase que o alumno dispoña do material de escritura básico necesario, e unha memoria extraíble (lapis USB) dunha capacidade mínima de 4 Gb.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Resulta particularmente complicado avaliar dun xeito obxectivo os valores cívicos e éticos dunha persoa. Porén, e aproveitando as primeiras sesións de clase, elaborárase un cuestionario inicial onde queden reflectidos as ideas e contidos previos xerais arredor dos conceptos "valores éticos" e "valores cívicos", e a reflexión sobre a necesidade da materia ou súa aplicación na vida cotiá. Os resultados non serán computables dentro dos criterios de cualificación na avaliación ordinaria.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	24	16	15	17	18	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

En cada avaliación, a nota global de cada alumno obterase da media ponderada da cualificación obtida en cada un dos ítems tidos en conta durante a avaliación continua, a saber:

- Nota individual (60% da cualificación global): nota resultante da media aritmética das puntuacións (valoradas de 0 a

10) obtidas en cada un dos traballos realizados.

- Nota do equipo (40% da cualificación global): nota xeral que valorará a calidade e o acabado do traballo, e que poderá ser a mesma para todos e cada un dos membros do equipo (sempre e cando non haxa diferencias moi grandes na implicación de cada un dos alumnos no proxecto). Esta nota será numérica, entre 0 e 10.

A nota final ou global para cada alumno resultará da media ponderada das dúas notas descritas. De realizarse máis dun proxecto ou traballo por avaliación, para cada un deles haberá unha nota ou cualificación do alumno, facendo media aritmética de todas para chegar a unha nota global.

En todos os casos, considerárase que superará cada avaliación, e finalmente a materia na convocatoria ordinaria (ou a avaliación final) o alumnado que acade unha nota mínima de 5 sobre 10.

Cráterios de recuperación:

No caso de ter algunha avaliación suspensa, o alumnado poderá repetir, completar ou mellorar o traballo desa avaliación, modificándosele a cualificación. Porén, cunha avaliación continua e progresiva, a recuperación dunha avaliación suspensa darase por superada sempre que na-s seguinte-s o traballo teña sido mellorado satisfactoriamente e acade o mínimo de 5 sobre 10.

O alumnado que non teña superada a 3ª avaliación deberá investir o período de recuperación da materia na elaboración dun proxecto ou traballo individual que trate de algún modo contidos dos tres bloques nos que se divide o currículo, prestando especial atención á cantidade e calidade na expresión da información, bibliografía utilizada, presentación visual... que será entregado en formato dixital e/ ou físico (papel). Considerárase superada a avaliación, e xa que logo o curso, para todo o alumnado que na avaliación final de xuño, acade unha nota mínima de 5 sobre 10.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Tendo en conta que a Educación en Valores Cívicos e Éticos é unha materia que se dá por primeira (e única) vez na etapa, non procede, pois non pode estar pendente de anos anteriores e en caso de repetición de curso, a materia se cursará de novo como se fora a primeira vez.

6. Medidas de atención á diversidade

Aplicaranse as recollidas no Plan anual de atención á diversidade. Farase un seguimento individualizado do alumnado durante todo o proceso do seu traballo, tanto individual como en grupo, solucionando dúbidas e incidencias e propoñendo en caso necesario actividades alternativas para unha mellor adquisición das destrezas necesarias en todo momento, con vistas á superación da materia.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	
ET.2 - Coñecemento persoal: autoestima, emprendemento e autonomía	X	X	X	X	X	
ET.3 - Sentido crítico: discriminación de verdades e falsidades	X	X	X	X	X	
ET.4 - Civismo e conciencia social: valores éticos e democráticos	X	X	X	X	X	

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.5 - Conciencia ecolóxica e solidaria	X	X	X	X	X	
ET.6 - Loita contra as desigualdades	X	X	X	X	X	
ET.7 - Competencia dixital e uso das TICs	X	X	X	X	X	

Observacións:

Esta materia poderá tocar diversos temas transversais de interese para o alumnado tales como a igualdade de oportunidades, a educación medioambiental, a educación moral e cívica, para a paz, para a saúde e o consumo... etc. concedendo especial importancia á colaboración entre os alumnos mediante actitudes de respecto, solidariedade e fomento dunha boa convivencia entre eles.

- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero e fomentaranse a igualdade efectiva entre mulleres e homes e o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación en actividades e celebracións do noso centro	Colaboraremos na organización, realización e publicidade das actividades fixas propostas dende a Biblioteca Escolar, en particular aquelas que fomenten valores éticos e de igualdade (Día das Escritoras, 25N, 8M, Día Mundial da Auga, do medio ambiente...))	X	X	X
Asistencia a proxeccións autorizadas de cine sobre temas éticos e cívicos	En caso de estrea de films cunha temática próxima aos contidos da materia (según dispoñibilidade), proporemos asistir co grupo de EVCE de 3º.	X	X	

Observacións:

A actividade de asisitir a unha proxección de cine queda supeditada ao estreno de algún filme (suxeito ás novidades da carteleira) de temática adecuada aos nosos contidos e de interese para o alumnado, pero tamén ao comportamento e grado de aproveitamento que pode facer o grupo da proxección.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
5. Porcentaxe de aprobados na materia

Metodoloxía empregada
1. Uso das TICs na aula.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
2. Realización de actividades diferentes: individuais, en parella, grupo, etc.
3. Cumprimento dos compromisos co Proxecto Lector de Centro.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
4. Nivel de cambio positivo ou mellora na conducta e reflexión crítica do alumnado.

Descrición:

Cada indicador valorarase nunha escala do 1 ao 4, indicando o 1 a menor consecución e o 4 a maior.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento e avaliación desta programación basearase na observación da fluidez do traballo diario que que realice o alumnado durante o tempo da clase, constatando se se traballan todas as competencias básicas mencionadas nesta programación, e se se acada o mínimo esixible de dous traballos individuais e un traballo en equipo finalizados por avaliación, tendo especial coidado de ter en conta as diferenzas entre os temas que resultan fáciles de tratar, ou aqueles que necesitan dunha maior dedicación en canto a esforzo e tempo.

Tendo en conta as observacións, sacaranse as conclusións pertinentes para propostas de mellora da programación.

9. Outros apartados

1. Accións de contribución ao proxecto lector

Fomento da lectura:

- Dedicar un mínimo de 20-25 minutos por sesión á lectura e comprensión de textos, que serán sobre todo de tipo informativo (científicos, xornalísticos, gráficas, esquemas...), expositivo e argumentativo; lectura de diferentes formatos textuais: narrativa, cadros sinópticos, cronoloxías, infografía e imaxes;
 - Usar os fondos da BE como recurso de aula e para préstamo persoal; diversificación e mellora dos fondos informativos e divulgativos con adquisición de novos materiais, DVD (documentais);
 - Participar en no máximo posible de actividades organizadas pola BE que fomenten a lectura e a divulgación informativa.
- Velar polo cumprimento da Hora de Ler, respectándoa cando coincida no tempo da materia.

2. Accións de contribución ao plan dixital

- Utilizar na aula as TIC para ampliar coñecementos e mellorar o rendemento do traballo do alumnado, mediante o uso de Internet (busca de información, utilización de dicionarios e outras axudas léxicas ou gramaticais na Internet), da pantalla dixital interactiva (consultando información e webs diversas), así como o uso doutras aplicacións informáticas (editores de texto, presentacións de diapositivas...) e a AV, aprendendo a utilizalas, ou mellorando o seu coñecemento.
 - Actualizar a páxina web do departamento, dentro da páxina web do instituto.
 - Elaborar e colgar materiais para nas aulas virtuais para a o traballo e adquisición das competencias da materia.
 - Elaborar, na medida do posible, algún artigo para a publicación na revista dixital do instituto.

3. Accións de contribución ao plan de convivencia

A contribución deste departamento ao Plan de Convivencia do PEC, basearase no traballo diario na aula co respecto ás persoas, fomentando a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre todos, valorando e afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre as persoas como principais valores de conduta, fomentando a resolución pacífica e dialogada dos conflitos que puideran xurdir. Manterase unha clase motivada e atenta, prestando especial atención ao coñecemento das NOF e a atención ao alumnado con NEAE. Utilizaremos a observación diaria das condutas dos alumnos e manteremos informados ao departamento de orientación, á xefatura de estudos e ás familias empregando como medios Abalar, aula virtual e titorías telefónicas ou presenciais.